

Rosa sp.



Roseira

Rosal / Rose / Rose

Descrición: Arbusto ou subarbusto caducifolio ou semipereñifolio, con talos espiñosos normalmente erguidos. Se non recibe moito sol desenrólanse pouco e non prosperan. Coñécese máis de 30000 variedades de rosas e ese número continúa aumentando cada ano. Poden ser de flor simple (menos de 8 pétalos), semidobre (de 8 a 20 pétalos), dobre moderada chea (de 21 a 29 pétalos), dobre chea (de 30 a 34 pétalos) ou dobre moi chea (máis de 40 pétalos). Pódense reproducir por semente ou enxerto. Os máis importantes son os híbridos dos de té e os *Floribunda*, tamén os produtos intermedios que se denominan subarbustos.

Curiosidades: Conséguense tantas variedades artificiais que xa non se dá precisado a especie. **Distribución:** Xardíns

Salix sp.



Descrición: Árbore que pode chegar a 10 m, pero con frecuencia ten aspecto de arbustos. Follas de 3-7 cm. de longo, máis longas que anchas, denticuladas ou case enteiras, glabras pola cara (agás nas follas novas) e glaucas, con pubescencia fina, polo envés. Teñen un nervio principal do que saen os nervios laterais, sendo os nervios máis prominentes polo envés.

Amentos de 2-5 cm., cilíndricos, que aparecen antes das follas, como é normal nas especies anemógamas. Florece en febreiro / abril.

É moi polimorfo xa que hibridan con frecuencia as distintas especies.

Curiosidades: O salgueiro é moi frecuente en Galiza, e atópase sempre en lugares con abundante humidade.

Distribución: Europa.



Salgueiro

Sauce / Grey willow / Saule



Salix baby-lonica L.

Salgueiro chorón

Sauce llorón / Saule pleureur

Descrición: Árbore de 8 a 12 m, de altura con pólas delgadas, flexibles, longas e colgantes case ata o chan. Tronco con fisuras na cortiza. Follas caducas, lineares en forma de lanza, con bordo finamente dentado, sen pelo e verdes claras no envés cando son adultas. Pecíolo curto e con pelos. As flores aparecen canda as follas, son amentos (espigas articuladas pola súa base e compostas de flores dun mesmo sexo) cilíndricos, con flores de cor amarelo pálido. En cultivo só se coñecen pés femininos. Florece de abril a maio.

Curiosidades: O nome científico dise que foi dado xa que os hebreos cativos en Babilonia choraban debaixo destes salgueiros lamentando o seu desterro.

Distribución: Non pode determinarse. Só se coñece en cultivo.

Thuja sp.

Descrición: As súas follas son escuamiformes e moi pequenas, a súa cara é verde amarelenta e brillante, co envés máis pálido, sen marcas brancas, divídese en ramalletes cromáticos, sobre brotes. As flores son vermellas e están separadas ao final dos brotes no mesmo pé na primavera. O seu froito ten forma de cono oblongo, erguido e de cor verde amarelento, pardo ó madurar, pode chegar a ter entre 8-10 escamas. Pode alcanzar 4 metros de altura, as súas sementes están comprimidas e rodeadas dunha aleta.

Distribución: Imprecisa, pola cantidade de variedades cultivadas.

Tuya / White Cedar / Thuja

Tuía



Syringa vulgaris L.

Lila

Lilo / Lilac / Lilas

Etimoloxía: Do gr. *syrix* = fruta (usábase para iso)

Descrición: Arbusto que alcanza ata 4 m. de altura, de moita rama con follas pecioladas, enteiras, en corazón e punta. Flores lilas (salvo a variedade que as ten brancas) con agradable perfume, e agrúpanse en espigas de 10 a 15 cm. procedentes das xemas situadas nas ramiñas do ano anterior. As sementes posúen unhas ás para facilitar a dispersión.

Curiosidades: A cortiza, follas e froitos conteñen unha substancia similar á quinina que contén glicósidos, de onde proveñen as súas propiedades como tónico estomacal, aperitivo e dixestivo.

Distribución: Persia e Turquía

Trachycarpus fortunei Wend [Chamaecarpus fortunei Hook.]

É unha palmeira monoica de tronco único de ata 12-15 metros de altura e 20 centímetros de diámetro, cuberto con restos das bases das follas velhas e moita fibra de cor escura. A base do tronco e normalmente máis delgada a parte superior.

As follas son verdes escuras, palmeadas de 1,20 m. de diámetro, ás veces co envés máis pálido; o limbo está dividido ata a base en segmentos erectos ou lixeiramente curvados na punta. Os pecíolos son de 65-90 cm. de lonxitude coa base cuberta de fibras e as marxes en fina serra. O froito é esférico de 1,2 cm. de lonxitude e cor negra azulada.

Distribución: China.

Umbreiro / Palm tree / Arbore umbrella

Palmeira de Fortunei

Este número monográfico d'A Marela Tarabela responde a unha proposta que se lle fixo ao alumnado de 3º ESO de Ciencias medioambientais. O traballo de campo realizouse en maio e xuño de 2006

Colaboramos neste número

Rocío Barros Carballude, María Bendoiro Mariño, José Ant. Blanco Moa, Adriana Castro Pazos, Paula Castro Saa, Diego Crespo Gil, J. Ángel Domínguez Vázquez, Alberto Estévez Vázquez, David Fernández Gil, Iria Fernández Glez., Daniel Fernández Pereiras, Luis Alfredo Ferreiro Agra, Raquel Figueiros Crespo, Daniel Fuentes Facal, Diego Galego Trabazo, Santiago García Mella, Alba Gómez Rodríguez, David González Hermida, Lara Iglesias Iglesias, Carmen Jorge Fdez., Belén López Batán, Daniel Mariño Sixto, Patricia Mato García, Laura Mejuto Glez., Miguel Montoto Jácome, Eva Mª Montoto Méndez, Alberto Mouranza Penela, Enrique Mouriño Vidal, Virginia Pérez Glez., Noelia Rivadulla Ignacio, Daniel Santalla Silva, Rubén Sueiro Mosquera, Tania Taboada Silva, Diego Vence Carral, Patricia Villamayor Silva. **Coordinación docente:** Berta Calvín. **Fotografías:** Carlos Miguez. **Edición:** Mario Pereira.



A árbore pídelle auga ao ceo para que a terra teña sangue, vida e bonitura [Castelao]

A marela tarabela

Nº 2

Xuño - 06

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"



Guía das árbores do Instituto

Follas e flores, libros e follas, CD's e estames, pebidas e páxinas web, guías e pecíolos, letra e mundo, mundo e información... formación, información... ordenación, actuación... Árbores e biblioteca.

A biblioteca mirou pola ventá e volveuse encontrar coas árbores. A biblioteca decidiu que non quería estar pechada en catro paredes e que quere iniciar conversa co mundo amplo. Chamou polo alumnado de Ciencias medioambientais e pediulle que mirase. Miraron as árbores que temos no instituto. Obser-

váronas, descubríronas. A biblioteca ofreceulle as súas guías e os camiños da Rede, para que mellor as entenderan.

Á biblioteca gústalle a clasificación e a orde; as Guías (en libro, en CD, en Internet) axudaron a clasificar e a entender as "nosas" árbores. Unhas xa estaban antes de chegar o Instituto (son árbores que naceran sen intervención nosa e que se corresponden coa flora autóctona do país), outras foron plantadas por profesorado e alumnado de diferentes épocas (moitas delas exóticas e/ou híbri-

das). Todas foron observadas e determinadas, polos diferentes grupos de traballo. Aquí presentamos o resultado. Non todos os grupos se enfrontaron á tarefa co mesmo interese e dedicación. Por iso o resultado é heteroxéneo. Con todo, non quixemos intervir harmonizando traballos desiguais. Isto non pretende ser unha guía de valor universal; só un traballo escolar no que a biblioteca se encontra coas Ciencias Naturais e co contorno próximo.

- Acer negundo L.
- Acer platanoides L.
- Betula celtibérica Roth
- Buddleja davidii Franch
- Buxus sempervirens L.
- Camellia japonica L.
- Cercis siliquastrum L.
- Crataegus monogyna Jacq
- Chamaecyparis sp.
- Cotoneaster sp.
- Cupressus sempervirens L.
- Cytisus scoparius L.
- Euonymus japonicus Thunb
- Fraxinus ornus L.
- Ilex aquifolium L.
- Juniperus sp.
- Ligustrum lucidum Ait.
- Malus sp.
- Photinia x fraseri
- Pinus sylvestris L.
- Pópulus alba L.
- Prunus cerasifera Ehrh
- Prunus laurocerasus L.
- Quercus robur L.
- Quercus rubra L.
- Rhamnus frangula L.
- Robinia pseudoacacia L.
- Rosa sp.
- Salix sp.
- Syringa vulgaris L.
- Thuja sp.
- Trachycarpus fortunei Wend
- Salix babylonica L.



Acer negundo L. [Negundo fraxinifolium; N. aceroides]



Pradairo, P-negundo

Descrición: Caducifolia de tamaño medio, duns 6 a 8 m de altura; pode acadar os 15 m. A cortiza delgada e de cor agrisada. As abundantes pólas forman copa ancha e algo irregular. As follas son alternas, compostas, imparipinnadas, con 3 a 7 folíolos, cor verde clara; nalgunhas variedades salpicadas de branco ou amarelo; folíolos irregularmente dentados. Flores unisexuais, pequenas e verde amarelas. Os pradairos son dioicos: as flores masculinas e femininas aparecen en diferentes árbores. As masculinas dispóntense en inflorescencias colgantes, as femininas agrúpanse en corimbos. Adoitan aparecer antes que as follas.

O froito é unha sámara alada que se unen de dúas en dúas e se agrupan en acios colgantes; conforme maduran van pasando de verdes a amarelo-pardo.

Florece na primavera. Os froitos maduran en setembro e poden permanecer moito tempo na árbore.

Curiosidades: Aquí emprégase como ornamental, pero asilvéstrase facilmente. A madeira é dura, lixeira, compacta e de gran fino, empregándose en ebanistería, e na fabricación de instrumentos musicais.

Distribución: Rexión dos grandes lagos e do leste de Norteamérica.

Betula celtibérica Roth [Betula alba L.]

Descrición: É unha árbore pirofita: rexenérase tras sufrir un incendio. Pode acadar os 20 m. A cortiza, lisa, racha e toma unha cor amarelenta na base. As pólas erguidas ou abertas forman unha copa triangular. Poliañas erguidas ou algo caídas. O limbo das follas é pubescente e romboidal, con punta alongada e estreita, e borde irregularmente dentado. As flores masculinas agrúpanse en amentos cilíndricos, solitarios ou en grupos de 2-3, no extremo das poliañas; as femininas -sobre o pé da planta- son a metade máis pequenas. As follas brotan en Marzo e Abril, flórese de Abril a Maio. O pequeno froito presenta forma de noz lenticular e maduran no verán. Prefire o clima atlántico e forma bosques en zonas altas e frías. A madeira é de cor amarela, pouco densa e branda, pero tenaz e elástica.

Curiosidades: Con el fanse os típicos pratos do polbo. As pólas finas eran usadas para castigar a nenos fedellos nas escolas de antano (moi eufemisticamente era denominada "árbore da sabedoría"). **Distribución:** Europa, Asia.



Bidueiro, bido

Abedul / Birch / Boule-

Buxus sempervirens L.



Buxo

Boj / Box / Buis

Étimo: O específico alude á persistencia das follas nas ramas.

As masculinas teñen catro sépalos e catro pétalos.

As masculinas teñen catro estames e as femininas un só pistilo. O seu froito é unha cápsula que abre en tres valvas duns oito milímetros de lonxitude, madura o final do verán.

Curiosidades: Madeira moi dura e apreciada para torneados e tallas. Emprégase na fabricación de gaitas.

Acer platanoides L.



Pradairo

Arce./ Maple / Erable

Descrición: Follas en forma de palma con 5 lóbulos acabados en varios dentes provistos de longas puntas de cor verde vivo, sen pelo na madurez, en outono amarelas ou vermellas; O pecíolo, longo e delgado, desprende látex ao ser cortado. A cortiza é gris e lisa. Flores amarelas verdosas e brillantes. D.: Asia e Europa.

Buddleja davidii Franch.



Lila de verán

Lila de verano / Butterfly bush / Arbre à papillon

Arbusto de crecemento rápido, acada os 5 m; os brotes novos poden medrar 2 m nunha soa estación. As follas alongadas, cor verde escura pola cara e pálidas e carnosas polo envés; Algo dentadas. As flores son tubulares, de cor malva pálido ou púrpura escuro, coa parte inferior do tubo alaranxada; teñen 1 cm. de lonxitude e abundante néctar; aparecen no verán e forman espigas que poden chegar a 30 cm. O froito é unha cápsula delgada con sementes moi pequenas. **Distribución:** Nativo da China.

Camellia japonica L.

Descrición: Arbusto perennifolio de 1,5 a 6 m de altura, de crecemento lento, moi ramificado e coas ramiñas sen pelos. Follas elípticas, algo acuminadas, glabras, de 7,5 a 12 cm de lonxitude. Teñen a marxe serrada e a cara de cor verde escura relucente, co envés máis pálido. Flores solitarias, subterminais, sentadas, de cor variable segundo as formas cultivadas; miden de 7 a 12 cm. de diámetro, e teñen 5 sépalos e 5 pétalos, aínda que en xeral son máis numerosos nos exemplares cultivados. Estames numerosos unidos na metade ou nos 2/3 da súa lonxitude. A flor non ten aroma. O froito é unha cápsula globosa de 4-5 cm. de diámetro.

Curiosidades: A primeira noticia sobre a camelia en Europa é de 1516. O té obtense dunha camelia de orixe china (Camellia sinensis). As follas da camelia conteñen un 70 % de graxa, que se emprega como aceite capilar e como lubrificante.

Distribución: Xapón e Corea



Camelia

Camelia / Camellia / Camélia

Et.: De G. J. Kamel, botánico do XVII

Pinus sylvestris L.




Pineiro rubio

Pino rojo / Pine tree / Pin

Descrición: Piñeiro que pode acadar 40 metros de alto, coa cortiza grosa que se desprende en placas amarelo-verdosas con xemas ovoides con escamas de marxes brancas, lixeiramente resinosas. Piñas ovado-cónicas, simétricas ou algo asimétricas, de 3-8 cm. de lonxitude, con escamas par-

de-amarelas. Follas duns 5 cm. de longo, que medran en pares.

Curiosidades: As follas utilízanse como diurético; a cortiza como non podrece, en conducións de augas, recubrimento de chozas ou elaboración de pergamiño.



Prunus cerasifera Ehrh



Falsa cerdeira

Ciruelo-cerezo / Plum tree / Mirabolano

Descrición: Árbore ou un arbusto duns 6-7m de altura. Copa ampla e redondeada. Follaxe caduca. Follas ovadas con marxe dentada, cor vermella brillante. Cortiza lisa e escura. Flores brancas ou rosas de cinco pétalos e os seus sépalos reflexos; saen antes de brotaren as follas.

O froito é redondeado como unha cereixa, duns 3 cm. de diámetro. É comestible e madura en verán. **Curiosidades:** Pode soportar xeadas medias, secas e contaminación. **Distribución:** Oeste de Asia, Cáucaso.

Quercus robur L. [Q. Pedunculata]



Carballo

Roble / Oak / Chene

Descrición: Árbore de gran tamaño (pode chegar a medir máis de 40 m.), de tronco regular e dereito. Desenrola unha copa ampla e irregular con poliañas curtas e glabras. A casca e lisa nos exemplares novos e de cor verdosa, agrisada ou parda-vermella. Consta de follas membranosas sen pelos por ambas as caras. O pecíolo é curto. **Distribución:** N. de África, SO de Asia e Europa

En Galiza estivo considerado o carballo, no antigo, como unha verdadeira árbore sagrada. Por reminiscencia sen dúbida dos tempos antigos, aínda conserva para os nosos paisanos virtudes especiais.../ Consideráno eficaz para curar a sarna, as ESBRILLADURAS dos nenos, a torticole, o lumbago e outras doenzas; cura os enfermos que pasan polas súas fendeduras; supoñen que esconde o raio no seu seo, porque cren que dentro del se atopan as pedras do raio; xúlgano excelente para se poderen librar dalgunhas enfermidades contaxiosas e téñeno ademais como purificador.

Rodríguez González, Eladio: *Diccionario enciclopédico gallego castelano*. Vigo: Galaxia, 1958

Populus alba L.



Chopo branco

Álamo blanco / White poplar / Peuplier blanc

Pode acadar os 25-30 m. de altura. Árbore de forma ancha e columnar, con follas variables nos brotes, con 3-5 lóbulos, brancas e peludas de novas, despois sen pelos e coa cara verde escura e o envés cuberto de pelos brancos. Casca gris, con fisuras, máis escura na base. Flores masculinas grises en amentos colgantes, flores femininas verdes sobre pés separados. A floración prodúcese a principios da primavera, antes de que broten as follas.

Curiosidades: O chopo branco (Eadha) correspondía ao E no alfabeto druídico Ogham. As xemas e as follas do álamo levábanse para atraer o diñeiro. Asíciase ás viaxes astrais.

Distribución: Bosques, lugares húmidos e secos. Norte de África, centro y oeste de Asia e Europa.

Prunus laurocerasus L.



Loureiro real

Laurel real, laurocerezo/ Cherrylaurel/Laurier cérie.

Descrición: Árbore grande de folia perenne. As follas oblongas ou ovadas, poden acadar os 20 cm.; a cara é verde pálida ao principio, e co paso do tempo vai escurecendo; forma unha copa ancha e extensa. O tronco é pardo gris e liso, e pode acadar os 14 m de altura. As flores son brancas, formadas por 5 pétalos; forman espigas duns 12 cm. Florece a mediados da primavera.

O froito é redondeado de 2 cm de diámetro; primeiro é verde, logo vermello, e, ao madurar completamente, negro.

Distribución: Esta árbore é moi común preto dos ríos. Pode acadar unha idade media de 80 anos. **Procede** das Áreas do Mediterráneo e de Asia Menor.

Quercus rubra L.



Carballo americano

Roble americ./Red Oak/Chene

Descrición: Pode chegar aos 25 ou 30 metros de altura. A casca lisa é de cor agrisada. Copa redondeada e ampla. As follas son elípticas con seos espazados e lóbulos triangulares, de cor verde escura, relucentes pola cara e pubescentes polo envés. No outono toman cor avermellada. Froitos algo pedunculados. A landra é elíptica e semicuberta. Medra mellor nos terreos silíceos. Florece a mediados da primavera. **Distribución:** América setentrional.

En Galiza estivo considerado o carballo, no antigo, como unha verdadeira árbore sagrada. Por reminiscencia sen dúbida dos tempos antigos, aínda conserva para os nosos paisanos virtudes especiais.../ Consideráno eficaz para curar a sarna, as ESBRILLADURAS dos nenos, a torticole, o lumbago e outras doenzas; cura os enfermos que pasan polas súas fendeduras; supoñen que esconde o raio no seu seo, porque cren que dentro del se atopan as pedras do raio; xúlgano excelente para se poderen librar dalgunhas enfermidades contaxiosas e téñeno ademais como purificador.

Rodríguez González, Eladio: *Diccionario enciclopédico gallego castelano*. Vigo: Galaxia, 1958

Ligustrum lucidum Ait.



Ligustro, filseira

Aligustre, alheña/ Glossy Privet/ Troène

Descrición: Árbore perennifolia que pode acadar os 12-15 m. e de crecemento rápido. Cortiza máis ou menos lisa e griseira. A follaxe é persistente, de cor verde; nunha variedade ten unha banda amarela nos bordos. Follas simples, ovadas e elípticas, duns 15cm de longo, base ampla. Flores dispostas en amplos mollos piramidais multiflorais e terminais que sobresaen da follaxe. Son hermafroditas. O froito é unha

baia esférica de cor azulada. **Curiosidades:** Utilízase como aliñación nas rúas porque soporta moi ben a polución. Adaptable á variedade de solos. É de crecemento

Rhamnus frangula L.

Descrición: Arbusto de 2 a 5 m, con ramas desde a base; a codia de cor parda-negriza, ten pólas pilosas, ao principio, e xemas nús. As follas son caducas, simples, alternas, de cor verde-lustrosa pola cara e cunha lixeira pubescencia efémera no envés; bordo enteiro ou algo sinuoso, en punta, pecíolo tomentoso de 1 cm. de e con estípulas curtas. As flores son pedunculadas, dispostas en fascículos axilares pouco numerosos, hermafroditas, de 3 mm; cálix verdoso e corola con 5 pétalos ovados, brancos. Froito en drupa globosa do tamaño dun chícharo, progresivamente verde, vermello e negro de maduro, con 2 ou 3 carabuñas. Floración na primavera. Os froitos maduran a finais do verán. De clima atlántico, busca as ladeiras, bosques húmidos e ribeiras. **Curiosidades:** Da casca obtense un colorante vermello, empregado para curtir o coiro. Da madeira, de cor amarela, obtíñase un carbón de boa calidade para a fabricación da pólvora. Tamén se coñece como Frangula alnus Miller; alnus: do celta al/=cerca de, e lam =ribeira, por seren arbustos de ribeira. **Distribución:** Case toda Europa.



Sanguíño

Arraclán / Alder buckthorn / Bourdaine

Robinia pseudoacacia L.



Falsa acacia

Falsa ac./ Egyptian thorn/ Acacia

Descrición: Árbore caducifolia de 10-15 m., copa ancha e tronco curto moi figurado. Ramas novas espiñosas. Follas alternas de ata 30 cm. Teñen 9-19 folíolos elíptico-ovais de 3-4 cm. de lonxitude, de cor

verde intenso pola cara e algo agrisadas no envés, contraste que se aprecia cando o vento axita a copa. Flores en acios colgantes de 10-20 cm. de lonxitude, coa corola de cor branca e unha mancha amarela. Son moi olorosas e visitadas polas abellas. Florece en Abril / Maio. Froito en legume de 10-15 cm. de lonxitude, aplanado, castiño cando madura, permanecendo na árbore bastante tempo. **Curiosidades:** Multiplícase por sementes. Moi resistente aos chans pobres, ao frío e á falta de auga. **Crece** rápido. **Distribución:** Rexións montañosas da metade oriental EEUU

Sobre as árbores
[Selección de títulos na Biblioteca]

Elementais

Burnie, David: *A árbore*.--Madrid :Altea, 1989
Ganeri, Anita: *Árbores, aves, insectos*. --Vigo :Xerais, 1995
Pavord, Anna: *Botánica recreativa*. --Barcelona [etc. :Marcombo, 1984
Silvar, Calros: *Observando os vexetais* .--Vigo :A Nosa Terra, 1996
Silvar, Calros: *Plantas e árbores*. --Vigo :A Nosa Terra, 1996

Básicos

Mathis, Paul: *¿Por qué son verdes las hojas?* .--Tres Cantos:Alal, 2005
Sugden, Andrew: *Diccionario ilustrado de botánica*.--Everest, 1984
VV. AA.: *Ánxel Fole, a natureza e as árbores*.--Santiago :Xunta, 1997
VV. AA.: *Atlas de botánica: El mundo de las plantas*.--Móstoles :Cultural, 1999 [con CD ROM]
VV. AA.: *Botánica*.--Barcelona :Idea Books, 1997

Guías e referencias

Ardley, Neil: *Fauna y flora de Europa : Guía de campo básica* --Barcelona :Blume, 1983.
Moro, Rafael: *Guía de los árboles de España : con una clave para su identificación*. --Barcelona :Omega, 2002
Niño Ricoi, Henrique: *Catálogo da flora vascular galega* .--Santiago :Xunta de Galicia, 1994
Niño Ricoi, Henrique: *Guía das árbores de Galicia* .--A Coruña :Baía [CD ROM]
Coombes, Allen J.: *Árbores*.--Barcelona :Omega, 1993
Polunin, Oleg: *Árbores y arbustos de Europa*.--Barcelona :Omega, 1984
Polunin, Oleg: *Guía de campo de las flores de España, Portugal y sudoeste de Francia*. --Barcelona :Omega, 1981.
Rodríguez Dacal, Carlos: *Árbores y arboledas de Galicia* .--Oleiros :Concello de Oleiros.
Rozas Caeiro, Antón: *As árbores*.--Vigo :Galaxia, 1990
Silva-Pando, Fco. Javier: *Guía das árbores e bosques de Galicia* .--Vigo :Galaxia, 1992
VV. AA.: *Galicia: Natureza : Botánica*.--A Coruña :Hércules, 2002- T. XLI, XLII, XLIII.
VV. AA.: *Historia natural : Botánica*.--Barcelona :Oceano, 1989. V. 7,8 e 9

Medicinais

Antelo Docampo, Pilar e Penas Patiño, Xaquín: *As plantas medicinais*. --Vigo :Ir Indo, Font Quer, Pío: *Plantas medicinales : El Dioscorides renovado*.--Barcelona :Labor, 1997

Xardíns

Camacho Lliteras, Juan Luis: *Guía práctica de xardinería en Galicia* .--A Coruña :Baía, 2003
Fernández-Pola, José: *Plantas de jardín y sus exigencias* .--Barcelona :Omega, 2000
VV. AA.: *Guía de las plantas : Manual práctico de jardinería*.--Madrid :El Pais / Aguilar, 1998


Cercis siliquastrum L.



Árbol del amor, Árbol de Judas /Judas tree / Arbre de Judée.

Descrición: Non sobrepasa os 10 m ; o tronco divídese axiña en grosas pólas irregulares, acostuma ser retorcido, e nos exemplares vellos presenta unha casca negra e agretada. As follas son acorazonadas, de cor verde-azulada, cunha lonxitude de 7 a 11 cm.; no outono as follas toman un lixeiro ton dourado. As flores son de cor rosa, duns 2 cm de lonxitude, e agroman en grupos sobre tódalas ramiñas ou mesmo sobre o talo; son olorosas e cobren case por completo a árbore antes de brotaren as follas. Os froitos son de cor pardo-vermella, colgantes e mantéñense no inverno sobre a árbore. **Curiosidades:** Dise que foi nesta árbore onde Xudas se aforcou; e que os froitos recordan a forma das moedas da traizón. Outra lenda di que as lágrimas de Cristo caeron sobre esta árbore, e que por iso florece deste xeito.

Cotoneaster sp.



Falso marmelleiro

Descrición: Pequena árbore ou arbusto de copa aplanada; pode medir de 4 a 6 m. Dalias ovaladas, de cor verde con algúns pelos na cara, e moitos brancos no envés, o contraste de cor é moi marcado entre as caras. As flores débrense a comezos de xuño, saen duns abrochos peludos; duns 0,8 cm, de diámetro, en grupos e teñen 5 pétalos brancos. Os froitos son baías de cor vermella, que se poden ver na árbore no outono / inverno. **Distribución:** Procede de China central, introdúcese en Europa a finais do XIX. Adáptase ás zonas máis quentes das áreas temperadas.

Ciprés, alcipreste



Ciprés / Cypress / Cyprès

Debido á súa lonxevidade foi plantado como símbolo funerario nos cemiterios, polo que se asocia coa morte. **Distribución:** Suroeste de Asia e Leste do Mediterráneo. Alcipreste

Chamaecyparis sp.



Falso ciprés / cypress / cyprès

Descrición: Árbore con copa cónica e guía terminal inclinada; os extremos das pólas caen cara a abaixo e medran case desde o chan. Cortiza parda reluciente, con profundas gretas. Follas escamiformes en catro filas, imbricadas, con laterais de ápice levantado; cor verde clara. Inflorescencias masculinas de cor carmín e femininas verde-azuladas. Conos globosos, pouco pedunculados, de 8-10mm de diámetro, con 8-10 escamas peltadas. Cada escama con 2-4 (-5) sementes aladas. As sementes teñen unha porcentaxe de xerminación moi baixa. Crecemento rápido **Curiosidades:** Madeira lixeira, duradeira e aromática. Contén aceite outrora usado como diurético. Especie de gran valor ornamental do que se obtiveron máis de 200 cultivos. **Distribución:** Canadá

Crataegus monogyna Jacq [Crataegus oxyacantha L.]

Descrición: Arbusto ou árbore pequena aínda que pode acadar 10 metros. Pólas espiñosas. Casca avermellada ou agrisada. Follas perennes, simples e alternas, con 3-7 lóbulos profundos e irregulares; dentadas, cor verde intensa, máis pálidas no envés. Flores con cáliz de 5 pétalos hermafroditas. O froito é avermellado. Florece en abril e maio. A polinización é entomógama. **Curiosidades:** A madeira emprégase en mangos para ferramentas e outros útiles pequenos. As flores teñen utilidade como tónico cardíaco, sedante e antiespasmódico. **Distribución:** Europa e W. de Asia.

Cupressus sempervirens L.

Descrición: Árbore que pode acadar os 30m Cortiza delgada de cor pardo gris. Ramiñas cilíndricas de 1mm de grosor. Follas moi pequenas dun verde moi escuro con ápices obtusos e sen manchas brancas agrupadas en ramalletes irregulares abertas contra o brote. Con forma aplanada. As flores masculinas son de cor parda amarela e as femininas verdes. Froito redondeado duns 4 cm de longo, verde, faise pardo ó madurar. Provisita de pequenos saíntes e de escamas suaves. Florece a finais do inverno. **Curiosidades:** Moi cultivado e difundido no mundo grecorromano.

Cytisus scoparius L. (Sharothamnus scoparius Koch.)



Retama de escobas, hiniesta, escobón / Broom / Genêt

Descrición: Arbusto de ata 3 m, moi ramificado. Pólas erectas, inclinadas ou deitadas, de cor verde e ás veces sedosas de novas. Póliñas en xeral con 5 ángulos esmagados como costelas, ás veces alados lateralmente. Foliolos ovoides, con pelos ou sen eles. Flores grandes, axilares, solitarias ou en parellas; pedúnculos o dobre de longos que o cáliz; corola amarela. Froito de 2,5 a 7 cm. Oblongo, comprimido, con pelos pardos ou brancos na marxe e negro ó madurar. **Curiosidades:** A xesta en Galicia é moito máis que unha planta común. Foi considerado un arbusto sagrado polos druídas. Coas xestas bárrrese a casa para purificala. Utilízase para previr enfermidades cardiovasculares, pero que hai que tomar con precaución. **Distribución:** Europa atlántica

Euonymus japonicus Thunb



Evónimo / Bonetero de Japón Spindle tree / Fusain Do grego *eu=bo* e *onoma=nome*

Descrición: Arbusto cultivado con moitas variedades. Ten follas perennes e crecemento rápido, moi empregado en xardinería. As flores son insignificantes, de cor branco-verdosa; as follas son persistentes, ovaladas, algo dentadas e de cor verde escuro ou con manchas amarelas. O froito é unha cápsula que ao abrir deixa ver as sementes de cor vermello-alaranxada. Medra dereito e denso, e pode acadar máis de 3 m de altura. **Curiosidades:** Os froitos son moi tóxicos, ao punto de poderen provocar a morte. Usábase en cocemento para tinguir o pelo de amarelo; os froitos secos e pulverizados empregábanse para matar os piollos. **Distribución:** Xapón e, en xeral, Extremo Oriente.


Malus sp.



Manzana/ Apple tree/ Pommier

Árbore pequena caducifolia, pode chegar aos 10 m. As follas son simples ovadas a elípticas de 4-13 cm, de lonxitude. As flores son lixeiramente rosadas de 5 cm, de diámetro. Os froitos poden ter formas moi variadas pero normalmente son redondeados de 5-10 centímetros; poden ser doces ou ácidos e pasan por varias fases a de cor verde, vermello e amarelo. **Curiosidades:** Multiplícanse por sementes ou enxertos. Debido o seu gran cultivo existen infinitas variedades. **Distribución:** de Europa e do Oeste de Asia.

Juniperus sp.



Enebro / Juniper / Genévrier

Descrición: É un arbustiño que medra pegado ó chan, con ramas que case se arrastran. Follas pequeniñas, duns 0,8 mm de lonxitude, e tan agudas nas puntas que case pinchan; están dispostas rodeando as ramas e o talo en grupos de tres; teñen unha cor verde-azulada. A cortiza do arbusto é pardo-vermella. O froito semella unha bolíña de, verde-azulada como as follas, con algunhas pequenas escamas e duns 6 mm de lonxitude. **Distribución:** É difícil precisar a súa orixe, xa que estamos en presenza dunha variedade cultivada para xardíns.

Photinia x fraseri



(Híbrido de P. glabra e P. serratifolia)

Descrición: Este vigoroso arbusto necesita un solo lixeiro e fresco. Na primavera ten unha floración de cor branca. As follas son dentadas, con flores en panículas umbeliformes de un a dez cm, de diámetro, e cuns novos retoños de cor vermello intensa. As follas no seu nacemento son de cor vermello, ao medrar pónense de cor verde e cando maduran volven a un ton vermello; son persistentes, que non caen no inverno. A os quince / vinte anos seca. **Distribución:** Xardíns

Fraxinus ornus L.



Fresno de flor, del maná/ Ahs / Frêne Et.: Do grego *phraxis*= seto e lat. *ornus* "montaña"

Descrición: As follas son regulares, opostas, caedizas, compostas de sete a nove foliolos longos e dentados, co envés pálido e con pecíolos con cilios ferruginosos. Os froitos son núculas monoespermas, máis curtos e estreitos cós das outras especies de freixos e coa punta fendida. Maduran no outono. O freixo de flor require un clima temperado, seco ou semisecho, pero esixe solos secos, preferiblemente calizos. Este e de temperamento robusto, é unha especie de media luz e as súas plantiñas requiren certo abrigo durante os primeiros dous - tres anos. O seu crecemento é rápido, pero non alcanza os cen anos de vida. Reprodúcese por semente, por brotes de cepa e incluso por estacas e acodos. A madeira é dura e compacta, bastante densa, rosada, un pouco vermella no durame, con aneis anuais ben diferenciados en moitas fibras leñosas longas e de paredes espesas e pouco deformable fronte aos cambios de humidade. **Curiosidades:** No sur de Italia e Sicilia cultivase para obtención do "maná", bebida azucarada moi apreciada polas súas propiedades laxantes. Para isto ságrase durante o verán, facendo uns cortes na cortiza pola que flúe este líquido. As follas tamén teñen propiedades laxantes. **Distribución:** No sur de Europa e en Asia Menor

Ilex Aquifolium

Descrición: Arbusto ou árbore pequena de talla dioico. O tronco dereito, de casca lisa e cor gris escura, ten unha copa moi densa e ramada. Follas alternas ovais; de cor verde brillante escura na cara e envés máis pálido, os bordos dentados con espiñas. Flores de cor branca, solitarias ou en fascículos as femininas, algo máis pequenas que as masculinas. Froito drupáceo (car noso e dunha soa semente) de cor vermella, moi tóxico, pero fundamental na alimentación da pita do monte. **Curiosidades:** Está moi ligado ao Nadal, cando se penduran ramiñas nas casas para afastar os malos espíritos. Está prohibido collelos. **Distribución:** Europa e leste de Asia.



Acebo / Holly tree Houx

Et.: Do lat= *Ilex*: aciñeira e *acus*= "agulla" con *Folium*= "folla"